CA1.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Coñecer as principais ideas das correntes existencialistas, de Hannah Arendt e da filosofía española do século XX, e ser capaz de expresalas por escrito, en textos que utilicen unha linguaxe filosófica axeitada.	PE	47
CA1.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	Ser quen de comprender textos filosóficos producidos por autores como Hannah Arendt, Ortega y Gasset, Simone de Beauvoir ou Ludwig Wittgenstein, e comentalos tendo en conta o contexto histórico e político da época, e o pensamento de ditos autores.		
CA3.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación destes, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	Ser quen de relacionar fragmentos filosóficos dos autores do momento coas correntes, autores e contexto histórico que corresponda.		
CA3.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Expresa de xeito oral ou escrito alo menos un elemento principal de cada proposta filosófico ao longo da historia.		
CA3.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	Comprende e extrae a idea principal dun texto filosófico		
CA3.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	Comprende e expón de xeito oral ou escrito o contexto dos problemas filosóficos		
CA3.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	Elabora un xuízo persoal argumentado acerca das diferentes propostas éticas e cívicas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación destes, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	Realizar comentarios de texto filosóficos usando a linguaxe axeitada, recoñecendo as ideas filosóficas nos textos e sendo quen de relacionalas e explicalas.		
CA1.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	Expresar de forma clara e usando o vocabulario filosófico da unidade didáctica valoracións sobre o pensamento filosófico da unidade didáctica en relación con cuestións contemporáneas.		
CA1.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	Analizar o pensamento de diferentes autores seguindo regras lóxicas e identificando sesgos e falacias.		
CA1.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	Realizar debates na clase nos que se reflexione sobre cuestións relevantes para o estudo da unidade didáctica, como a cuestión do sentido da existencia humana e as reivindicacións feministas		
CA1.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	Relacionar as cuestións filosóficas sobre as que reflexionou a filosofía contemporánea e os pensadores da mesma con dilemas contemporáneos de actualidade, especialmente respecto aos feminismos contemporáneos e a pregunta polo sentido da existencia humana	TI	53
CA1.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	Coñecer a importancia do contexto histórico da Europa do século XX para o pensamento existencialista, analítico, e outras correntes filosóficas do momento, así como de autores como Hannah Arendt ou Ortega y Gasset.		
CA1.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	Relacionar os contidos con outros puntos relevantes da historia da filosofía, especialmente o contexto da Europa de entreguerras e a Segunda Guerra Mundial		
CA1.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	Comprender a relación que existe entre o contexto no que se da o pensamento contemporáneo coas ideas desenvolvidas polos filósofos da época.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	Coñecer e debatir a cuestión do sentido da existencia humana para o existencialismo, a relación entre pensamento e realidade para a filosofía analítica, os totalitarismos no pensamento de Hannah Arendt e o vitalismo na filosofía de Ortega		
CA3.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	Elabora un traballo de investigación con conclusións propias		
CA3.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	Exprésase de xeito oral ou escrito empregando unha boa argumentación		
CA3.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	As súas intervencións parten da escoita activa e integran as aportacións das compañeiras e compañeiros		
CA3.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	Expresa de xeito escrito a importancia do diálogo entre escolas filosóficas ao longo da historia		
CA3.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	Expón de xeito oral ou escrito a trascendencia dos problemas filosóficos		
CA3.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	Distingue tipoloxías textuais á hora de investigar sobre a cultura occidental		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción á historia da filosofía.</li> <li>- A universalidade dos problemas aos que se enfrenta.</li> </ul>

## Contidos

- A historicidade das concepcións filosóficas propostas.
- Os métodos de traballo en historia da filosofía.
- O cuestionamento do proxecto político da ilustración desde o século XIX á actualidade.
- A crítica aos totalitarismos no século XX: da dialéctica da ilustración na Escola de Frankfurt á banalidade do mal en H. Arendt.
- A creba do pensamento filosófico occidental.
- Alén do suxeito da modernidade. Posmodernidade, deconstrución e pensamento feble.
- O xiro lingüístico na análise dos problemas filosóficos. Wittgenstein e a filosofía analítica.
- O existencialismo.
- A analítica do ser-aí. Heidegger.
- Existencia humana e liberdade radical. Sartre.
- O pensamento feminista desde a ilustración.
- A reclamación do carácter de suxeito das mulleres: Mary Wollstonecraft e Olympe de Gouges.
- A loita polos dereitos civís e políticos das mulleres durante os séculos XIX e XX. Simone de Beauvoir.
- O pensamento feminista na actualidade.
- A filosofía española no século XX: do raciovitalismo de Ortega y Gasset á razón poética de M. Zambrano.
- O pensamento galego no século XX.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía é o conxunto de estratexias, procedementos e accións planificadas polo profesorado de xeito consciente e reflexivo para posibilitar a aprendizaxe e o logro de obxectivos por parte do alumnado. As leis educativas non indican a metodoloxía que hai que seguir, pero si ofrecen unhas orientacións que poden axudar a determinala. Estas orientacións ou principios metodolóxicos actúan como marco xeral e se van concretando nas estratexias metodolóxicas e actividades. O artigo 27 do Decreto 86/2015 fai referencia aos principios metodolóxicos na etapa do bacharelato. Segundo este artigo, recoméndanse metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, e que favorezan a capacidade dos alumnos e alumnas para aprender por si mesmos. Tamén se suñia que a metodoloxía debe favorecer o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo e o uso de distintas técnicas de investigación. Refírese tamén á necesidade de integrar o uso das tecnoloxías da información e a comunicación, e a comprensión lectora e o uso crítico da información, así como á contribución ao proxecto lingüístico do centro, e á necesidade de acción tutorial e orientación educativa. A orde ECD 65/2015 tamén incorpora elementos referidos á metodoloxía: destaca a necesidade de escollela en función da adquisición de competencias en cada etapa e materia. Sinala a importancia das metodoloxías activas para potenciar a motivación, a aprendizaxe cooperativa e a interacción.

Outro principio que cómpre seguir é que a metodoloxía permita unha aprendizaxe significativa: baseada en coñecementos previos e en relación os novos contidos con outros, construindo redes sólidas entre conceptos. Para iso resultan imprescindibles actividades iniciais como cuestionarios, tormentas de ideas ou actividades introdutorias que permitan activar os coñecementos adquiridos anteriormente e poder así traballar con eles para conectalos con outros novos. Tamén está a aplicabilidade dos contidos: achegar os contidos a situacións reais e cercanas á realidade do alumnado (especialmente posible con temas de ética e política), así como relacionar os contidos con outras materias, competencias e elementos transversais. Por outro lado está propiciar unha aprendizaxe activa e práctica,

na que o alumnado é o que realiza diferentes tarefas que o levan á aprendizaxe, e permite acadar un coñecemento sólido e adquirilo de xeito cada vez máis autónomo. Proporcionaranse ao alumnado ferramentas coas que logo poderá investigar, aprender por si mesmo e adquirir contidos de xeito comprensivo.

Respecto ás estratexias metodolóxicas é recomendable mesturar distintas segundo os momentos e necesidades na aula. A metodoloxía expositiva resulta útil dado que 2º de bacharelato é un curso marcado pola preparación da Abau: neste curso a metodoloxía expositiva estará máis presente do que noutros. A pesar do papel da metodoloxía expositiva, non será a única que se utilice: unha motivadora, baseada en espertar o interese do alumnado, a través de conectar cos seus intereses e facerlles sentir protagonistas do proceso de ensinanza, tamén estará presente. Para isto recorrerase ao proxecto de investigación, no que o alumnado poderá conectar os temas que escollan co contido das diferentes unidades didácticas. Tamén se tratará de conectar os intereses dos alumnos e alumnas cos exemplos de arte, cine e literatura que se introduzan nas distintas unidades didácticas. Desta forma o alumnado pode tamén involucrarse na toma de decisións sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe. O proxecto de investigación resulta útil tamén para o desenvolvemento da creatividade e a toma autónoma de decisións, e para poñer en práctica metodoloxías innovadoras e utilizar as ferramentas das que o alumnado dispón para a investigación e o tratamento da información. A metodoloxía debe tamén ser activa e procurar a participación do alumnado, mesturándose cunha metodoloxía de corte máis expositivo. Para construír a explicación dos contidos dunha unidade recorrerase a preguntas durante a primeira sesión para conectar os contidos con outros previos, e ao final de cada sesión para que sexa o alumnado o que constrúa o resumo da mesma. Tamén ao longo das explicacións procurarase que o alumnado vaia seguindo os razoamentos dos autores explicados facendo preguntas útiles para levarlos ás conclusións buscadas.

Dentro da metodoloxía activa e o contexto da aprendizaxe significativa será clave a elaboración por parte do alumnado de resumos, esquemas e mapas conceptuais: este tipo de ferramentas axudan a consolidar os contidos e ordealos de xeito sistemático, e poden ser logo utilizadas de xeito autónomo máis alá das clases de Historia da filosofía. As actividades dedicadas á aprendizaxe da redacción de comentarios de texto filosóficos tamén van nesta dirección: dedicarse parte das sesións á elaboración na aula de comentarios de texto filosóficos de forma conxunta, para que o alumnado poda adquirir as ferramentas para realízalos por si mesmo. O mesmo se pode aplicar a diferentes aplicacións TIC.

Distintos tipos de actividades:

**Actividades introdutorias:** actividades que introduzan o contido e permitan poñelo en relación con outros coñecementos cos que o alumnado xa conta (sesións de preguntas curtas ao inicio dunha unidade didáctica, facer un resumo da clase anterior para introducir o contido dunha sesión, conexión dun tema cun suceso de actualidade...). Tamén se poden realizar actividades focais introdutorias, que sirven para poñer en contexto e focalizar a atención do alumnado, como ver un fragmento de película ou analizar un cadro ou unha canción relacionada co contido dunha clase.

**Actividades de síntese:** teñen como finalidade resumir os contidos das unidades didácticas de xeito comprensivo. Poden ser dende a elaboración de esquemas e mapas conceptuais, realización de test de autoavaliación, visionado de material audiovisual, ou realizar cuestionarios ou xogos co contido das unidades.

**Actividades de desenvolvemento:** explicacións do contido de cada unidade, realización de comentarios de texto, lectura e análise de textos filosóficos, conexión do contido con temas de actualidade.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos propios do profesorado
Libro de texto
Videos titoriais de apoio das explicacións e tarefas
Páxina da ciuga/cesga para os textos
Aula virtual da materia.
Ordenador conectado a internet, proxector, altavoces
Libros e artigos de lectura

- Libro: Historia da filosofía 2º bacharelato (galego, editorial edebé)
- Apuntamentos e presentacións redactados pola docente dispoñibles a través da aula virtual.
- Fichas de exercicios.
- Tests de autoavaliación.
- Material audiovisual: fragmentos de películas e series (detallados nas unidades didácticas).
- Videos das canles: Adictos a la filosofía, La travesía, Lluna Pineda, Unboxing Philosophy , School of Life (contido de filosofía de 2º de bacharelato) e Philosophy Tube, Contrapoints, Wisecrack (en inglés), Marte 19, La fonda filosófica (filosofía e a súa relación con diversos temas: cultura, videoxogos, literatura, feminismo, consumo...).
- Fragmentos de obras literarias (detallados nas unidades didácticas).
- Outros recursos web: webdianoia (exercicios, autoavaliacións, contidos descargables, enlaces de interese), lourdescardenal (presentacións, exercicios para traballar os comentarios de texto e outros recursos para a materia de Historia da Filosofía), la lechuza de minerva (recursos para as asignaturas de Filosofía), www.denizcemonduygu.com (onde se atopa unha liña de tempo interactiva que permite ir pasando entre filósofos e correctes e ver as referencias e cambios que se dan), boulesis (recursos para filosofía en bacharelato), cibernous (recursos para filosofía en bacharelato, glosario) e filopolis (espazo interactivo con contidos relacionados coa filosofía).
- Textos filosóficos de diferentes fontes

As clases desenvolveranse en aulas equipadas con ordenador con conexión a internet, proxector e altavoces. O alumnado contará cos apuntamentos e material diverso para o desenvolvemento da materia que se vaia a utilizar en cada sesión.

Obras filosóficas de referencia:

- Platón,. A República. Tecnos, Madrid, 2004.
- Aristóteles, Política, RBA, Barcelona, 2004.
- De Aquino, S. T., Suma Teolóxica. BAC Madrid, 1947.
- Maquiavelo, N., El Príncipe, Alianza, Madrid, 1996.
- Descartes, R., Discurso del Método. Alianza, Madrid, 2010.
- Locke, J., Ensayo sobre el entendimiento humano. Orbis, Barcelona, 1985.
- Galileo, N., Diálogo sobre los dos grandes sistemas del mundo. Aguilar, Barcelona, 1975.
- Hume, D., Investigación sobre los principios de la moral. Espasa Calpe, Madrid, 1991.
- Kant, I., "¿Qué es la ilustración?" en Filosofía de la Historia. FCE, Madrid, 1981
- Kant, I., Fundamentación Metafísica de las Costumbres. Alianza, Madrid, 2010
- Marx, K., Manuscritos de economía y filosofía. Alianza, Madrid, 1977.
- Nietzsche, F., Así hablo Zarathustra. Madrid, Alianza, 1992.
- Ortega y Gasset, M., ¿Qué es filosofía?. Espasa Calpe, 1984.
- Marcuse, H., El hombre unidimensional. Ariel, Barcelona, 1987.
- Habermas, J., Teoría y praxis. Altaya, Barcelona, 1994.
- Popper, K., La sociedad abierta y sus enemigos .Barcelona, Paidós, 1982.
- Lyotard, F., La postmodernidad explicada a los niños. Barcelona, Gedisa, 2012.
- Onfray, M., Antimanual de Filosofía, Madrid, EDAF, 2013
- De Miguel, A., Ética para Celia, Barcelona, Ediciones B, 2021

Otras obras literarias de interese:

- Victoria, E., El evangelio.
- Unamuno, M., San Manuel Bueno Mártir.
- Coupland, D., Gilfriend in a coma,
- Golding, W., El señor de las moscas,
- Bulgakov, M., El maestro y margarita.
- Dick, P. K., Tiempo desarticulado.
- Palahniuk, C., Rant.
- Cirlot, V., La mirada interior
- Pessoa, F., O guardador de rebanhos
- Fernández Mallo, A., Nocilla Lab.

Filmes de interese:

- Dark City
- Agora
- Sócrates
- El joven Karl Marx
- Miss Marx
- Alexander Magnus
- Pride
- Canino
- El eterno resplandor de una mente sin recuerdos
- Synechdoque Nueva York

Series:

- El nombre de la rosa
- Muñeca rusa
- La Mesías
- Dark
- The Leftovers
- Here and Now

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nos primeiros días de curso realizarase unha proba escrita na que se preguntará ao alumnado polos seus coñecementos previos de historia da filosofía. A proba estará composta dunha serie de definicións, unha pregunta na que o alumnado debe escoller entre multitude de nomes os que pertencen a filósofos e filósofas e dous textos para resumir e comentar. Esta proba servirá para avaliar tanto os coñecementos previos como as habilidades do alumnado para comprender textos filosóficos, así como a súa expresión escrita.

Exemplo de avaliación inicial:

Historia da filosofía. 2o de Bacharelato

Nome e apelidos:

Avaliación inicial

1. Define brevemente os seguintes termos:

1. Filosofía
2. Arje
3. Idealismo
4. Eética
5. Racionalismo
6. Empirismo

2. Relaciona os seguintes autores coa corrente filosófica a<sup>2</sup> que se asocian:

Rene<sup>2</sup> Descartes

Inmanuel Kant

Plato<sup>2</sup>n

Karl Marx

Friedrich Nietzsche

Ortega y Gasset

David Hume

idealismo

materialismo histórico

racionalismo

raciovitalismo

empirismo

vitalismo

criticismo trascendental

4. Sinala de entre a seguinte lista de nomes cales son de filósofos e filósofas:

Soren Kierkegaard Jurgen Habermas Carmen Laforet Martha Nussbaum Louis Pasteur Tamara de Lempicka. Hannah



Arendt David Hume Ayn Rand Franklin Roosevelt Antoni Tapies Martin Heidegger Benito Mussolini Epicuro de Samos Paula Rego Vicente Risco. Marie Curie Averroes Heraclito Mariña Zambrano Ernesto Castro Agnes Varda Karl Popper Theodor Adorno Baruch Spinoza Gianni Vattimo Paul Klee Amanda Palmer

3. Sinala a idea principal e as ideas secundarias do seguinte texto:

En que consiste, pois, a alienación do traballo?

Primeiro, en que o traballo é externo ao traballador, é dicir, que non pertence á súa esencia, que, por iso, o traballador non se afirma no seu traballo, senón que se nega, non se sente ben, senón infeliz, non desenvolve unha enerxía física e espiritual, senón que mortifica o seu corpo e estraga o seu espírito. De aí que o traballador só se sinta consigo mesmo fóra do traballo e no traballo fóra de si. “No seu” está cando non traballa e cando traballa non está “no seu”. O seu traballo non é, pois, voluntario, senón obrigado, traballo forzado. Non é daquela a satisfacción dunha necesidade, senón só un medio para satisfacer necesidades alleas. O seu carácter estranxo salientase nido en que en canto non hai unha construción física ou de calquera outra índole, fóxese do traballo como da peste. O traballo externo, o traballo no que o home se allea, é un traballo de autoinmolación, de mortificación. Finalmente a exterioridade do traballo para o traballador maniféstase en que non é o seu propio traballo, senón o doutro, en que non lle pertence, en que no traballo non se pertence a si mesmo, senón a outro. Así como na relixión a actividade espontánea da fantasía humana, do cerebro e do corazón humanos, esta actúa independentemente do individuo, é dicir, é para el coma efecto dunha acción divina ou demoníaca; así a actividade do traballador non é actividade de seu; pertence a outro, é a perda de si mesmo.

K. MARX, Manuscritos económico-filosóficos de 1844

4. Fai un breve resumo do seguinte texto:

SOCRATES. — (...) Así, pois, a alma, sendo inmortal e tendo renacido moitas veces e ao ter contemplado todas as cousas, as de aquí e as do Hades, non hai nada que non tenza aprendido. De xeito que non hai que sorprenderse que ela sexa quen de ter recordos acerca da virtude e das demais cousas que, por certo, coñecera anteriormente. Pois ao estar emparentada toda a natureza e tendo aprendido todo a alma, nada empece para que un, recordando unha soa cousa -iso que os homes chaman aprender-, encontre todas as demais, se é valente e teimudo na busca.

Porque o buscar e o aprender non son máis que reminiscencias. Por conseguinte non hai que dar creto a ese argumento sofístico. Fariáanos preguizosos e é de débiles escoitar o agradable, en cambio este é nchenos de enerxía e fainos inquisitivos. E porque confío en que é verdadeiro quero pescudar contigo en que consiste a virtude. MENO. — Si, Sócrates. Pero como dis iso de que non aprendemos, senón que o que chamamos aprender non é máis que reminiscencia? Poderásmenos ensinar que isto é así? SOCRATES. — Xa che dixen hai pouco, Meno, que ti es malicioso, pois agora preguntas se che podo ensinar, a min, que estou dicindo que non hai ensinanza, senón reminiscencia, sen duélda, para facerme caer inmediatamente en contradición conmigo mesmo.

MENO. — ¡Non, por Zeus, Sócrates! Non o dixen con esa intención, senón por costume; pero se tes alguén modo de probar que é como dis, amósamo.

PLATÓN; Meno, 81c-82a

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>6</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	48	47	45	47	47	47	47	47
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	52	53	55	53	53	53	53	53

<b>Unidade didáctica</b>	<b>Total</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>48</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>52</b>

### **Criterios de cualificación:**

Na materia de 2º de Bacharelato de Historia da Filosofía cómpre proporcionar ao alumnado as ferramentas para enfrontarse á proba de acceso á universidade. Por iso, as probas escritas que se vaian realizando ao longo do curso terán o formato destas probas e suporán o 70% da cualificación global. En cada trimestre se realizarán un mínimo de 2 probas escritas deste tipo, e a nota deste 70% calcularase realizando a media das probas realizadas en cada trimestre.

Para practicar os comentarios de texto filosóficos, composicións e outros tipos de texto realizaranse actividades de comprensión lectora, composición e análise usando diferentes tipos de textos en relación cos autores, autoras e movementos que protagonizan as diferentes unidades didácticas. Este tipo de actividades de aula suporán un 20% da cualificación final.

Finalmente, no 10% restante valorarase a participación do alumnado nas clases de forma oral, en actividades como análise e comprensión de textos de forma oral e conxunta, preguntas relacionadas cos preconceptos, debates en relación aos contidos expostos na aula...

Nesta materia pódense levar a cabo actividades voluntarias como lecturas e traballos relacionados coas diferentes unidades didácticas que poden supoñer un redondeo positivo ou suba da nota.

Para avaliar as probas escritas e actividades mencionadas utilizaranse rúbricas con indicadores diferenciados, que estarán á disposición do alumnado a través da aula virtual, e serán explicadas na aula.

A nota da avaliación final calcularase como media aritmética das tres avaliacións que forman o curso.

Respecto ás notas das avaliacións, aplicaranse as seguintes normas de redondeo: en caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a un 75 (por exemplo, un 4,75) redondearase á cifra seguinte. En caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a un 5 (por exemplo, 4,5) valorarase a posibilidade de redondear á cifra superior segundo cada paso, tendo en conta a progresión, entregas de actividades, actitude e participación de cada alumno ou alumna. No caso de que a cifra das décimas sexa inferior a un 5 redondearase á cifra anterior (dun 4,4 a un 4). A avaliación supérase cando o alumnado obtén unha cualificación igual ou superior a 5.

### **Criterios de recuperación:**

A recuperación da materia realizarase de xeito trimestral: o alumnado que non supere un trimestre ten oportunidade de recuperalo a través de probas escritas de recuperación que terán o mesmo formato que as probas ordinarias e/ou entregando actividades pendentes ou suspensas. O departamento analizará os casos para concretar o desenvolvemento da recuperación de cada alumno ou alumna.

Cando un alumno ou alumna teña suspensas varias avaliacións, ten a oportunidade de presentarse a unha proba extraordinaria baseada nos criterios mínimos das unidades didácticas desas avaliacións.

Os criterios para recuperar as avaliacións e para aplicar o redondeo nestas probas parten dos criterios de cualificación antes mencionados.

Avaliación extraordinaria: a cualificación desta avaliación obterase por unha única proba escrita deseñada polo departamento de acordo cos criterios das probas de acceso ao universidade, á que se aplicarán os criterios de redondeo mencionados e que se superará cando se acade unha cualificación de 5 ou superior unha vez aplicado redondeo.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para esta materia, terase en conta a diversidade existente na aula entendida en sentido amplo, e concretamente seguiranse os protocolos indicados nos casos de alumnado con NEEs e NEAEs, para dar resposta ás necesidades educativas do alumnado segundo as leis educativas vixentes. Terase en conta a información proporcionada polo departamento de orientación, así como as observacións que se realicen na aula nas primeiras semanas de clase, que serán compartidas na avaliación inicial co resto do profesorado do grupo.

Unha das indicacións que da o Decreto 86/2015 respecto á metodoloxía é sobre a necesidade de adaptarse aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, para o que cómpre coñecer a diversidade na aula. Con isto non só se fai referencia ás necesidades educativas especiais que poidan presentar algúns alumnos e alumnas, senón ter en conta a diversidade en sentido amplo que se pode atopar nunha clase. Nunha aula de 2º de bacharelato das que se pode atopar no centro como o que concreta esta programación é posible atopar alumnos e alumnas procedentes de outras comunidades autónomas e países, que aínda non sexan de todo competentes en castelán e/ou galego, alumnado repetidor que o curso anterior superara ou non a materia, ou alumnado que teña a materia pendente de 1º e/ou 2º de Bacharelato. Dentro da diversidade da aula hai que ter tamén en conta a actitude do grupo ante a materia, os seus intereses e os plans que poidan ter de cara á continuación dos seus estudos (Abau, acceso a ciclos superiores, acceso á universidade...).

Dentro da diversidade da aula poden atoparse tamén alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais (NEEs) e necesidades específicas de apoio educativo (NEAEs), de diferente tipo. O material deseñado, as probas e a metodoloxía deben ser flexibles de xeito que podan adaptarse á diversidade que sempre se da nas aulas, e poder adaptarse tamén as medidas requiridas polo alumnado con necesidades específicas.

As leis educativas fan referencia ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: a LOE 2/2006, nos artigos do 71 ao 79 fai referencia á necesidade de de asegurar que o alumnado que precise unha atención educativa concreta poida recibila. Ofrécese unha definición de necesidades educativas especiais e danse indicacións máis concretas para o alumnado con altas capacidades intelectuais, alumnado con integración tardía ao sistema educativo español e alumnado con dificultades específicas na aprendizaxe. O decreto 86/2015 fai referencia tamén ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo no artigo 7, e refírese a casos como TDAH, dificultades específicas na aprendizaxe, altas capacidades, incorporación tardía, e condicións persoais ou de historia escolar. Indica tomar as medidas curriculares e organizativas necesarias (tamén na avaliación). En Galicia atópase tamén o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (que se desenvolve segundo a Orde do 8 de setembro de 2021) Ademais existe outra normativa e recomendacións referidas a casos concretos como o alumnado con Transtorno do Espectro Autista, a Lei 4/2011 de convivencia, desenvoltoa no Decreto 8/2015, que traballa na elaboración de protocolos e orientacións que facilitan a atención á diversidade.

Os casos de NEEs e NEAEs poden requirir a adopción de medidas ordinarias ou extraordinarias. Dado que para as extraordinarias requiren unha modificación do currículo e cambios esenciais na organización, e precisan autorización do centro, inspección educativa, e un informe xustificativo de orientación, as concretadas na programación serán de carácter ordinario, sempre axustándose ás medidas extraordinarias que veñan indicadas polos órganos que corresponda. As medidas ordinarias poden facer referencia a todo tipo de necesidades educativas, e consisten en adaptarse á diversidade do alumnado adecuando o currículo sen alteracións significativas nos elementos do mesmo ao contexto do alumnado. As medidas ordinarias inclúen as referidas á adecuación administrativa (horarios, agrupamentos, organización da aula), programación didáctica (escolla da metodoloxía, adaptación de tempos, incorporación ou variación de instrumentos de avaliación), medidas destinadas á mellora da convivencia, deseño de actividades concretas....

Para a toma de medidas é necesario ter en conta o diagnóstico do alumno ou alumna, como inflúe (en caso de facelo) ese diagnóstico no proceso ensino-aprendizaxe, e que medidas de atención á diversidade levar a cabo. O diagnóstico non o fai o docente, pero en caso de detección de NEAEs ou observacións significativas no progreso do alumnado xa diagnosticado, pode rexistralas e comunicalas ao departamento de orientación segundo o protocolo do centro.

O alumnado NEAEs presenta unhas características que poden levar a que precise medidas de atención á diversidade por diferentes motivos, e dentro deste alumnado atópase o que presenta NEEs. Entre o alumnado NEAE atópanse as altas capacidades, trastornos na aprendizaxe, TDAH, alumnado de incorporación tardía e con condicións persoais especiais ou de historia escolar. Dentro disto, o alumnado NEE pode incluír diversidade funcional física, sensorial ou intelectual, trastornos disruptivos da conducta, trastornos do espectro autista (TEA), trastornos da conducta alimentaria, no desenvolvemento, xenéticos, enfermidades crónicas, ou outros trastornos na comunicación ou aprendizaxe.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X

**Observacións:**

Os elementos transversais son unha parte do currículo que se traballa dende todas as materias dun mesmo nivel. Son elementos que non aparecen de xeito explícito nos contidos, pero aos que hai que contribuir dende todas as materias dado que so unha parte fundamental do proceso ensinanza-aprendizaxe. Están relacionados coas competencias clave, e aparecen reflectidos en todos os elementos do currículo.

Os elementos transversais poden traballarse tanto de forma implícita a través das actitudes e comportamentos, como de xeito explícito facendo referencias a eles en relación cos contidos. Na materia de Filosofía de 2º de Bacharelato poden introducirse nas diferentes unidades de xeito orgánico. Algúns dos elementos, como a comprensión lectora, oral e escrita, ou as tenoloxías da información e a comunicación trabállanse de xeito constante ao longo de todas as unidades, pola súa relación directa coas competencias, e porque tamén aparecen no bloque 1 de contidos, un bloque transversal que se traballa en todas as unidades didácticas. O fomento de espírito crítico é un elemento transversal que é especialmente importante na materia de Historia da Filosofía, polo que o traballo deste será constante ao longo do curso. A educación emocional, en valores e respectuosa coa diversidade, así como a promoción da igualdade entre homes e mulleres son cuestións que tamén se poden tratar con exemplos prácticos ao longo da presentación dos diferentes temas, xa que moitos deles teñen unha relación directa con estas cuestións (os movementos sociais relacionados co marxismo, as reivindicacións feministas en relación ao pensamento de Simone de Beauvoir, o cuestionamento da ausencia de mulleres filósofas ao longo da historia...)

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Paseo filosófico	Unha vez rematadas as unidades didácticas, e baseándose en fragmentos da obra de Ramón del Castillo "Filósofos de Paseo", realizarase un pequeno paseo filosófico onde se invitará ao alumnado a reflexionar sobre diferentes temas primeiro de forma individual e despois en parellas que van cambiando.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Empregáronse instrumentos de avaliación axeitados aos obxectivos e criterios de avaliación.
Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.

<b>Metodoloxía empregada</b>
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar
Combínase o traballo individual e en equipo.
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con atención á diversidade.
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Existe relación co resto de materias do curso e se introducen contidos transversais

### Descrición:

Cada un dos indicadores avaliarase periodicamente ao longo do curso en función dos resultados acadados polo alumnado e a reflexión sobre a práctica docente usando unha puntuación do 1 ao 4, 4 significado consecución completa 3 consecución aceptable 2 consecución parcial e 1 non conseguido.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Indicadores para avaliar nas reunións de departamento coa finalidade de modificar a programación para adaptala as circunstancias dos diferentes grupos e curso académico. Avaliarase de 1 a 4 1 significando nada de acordo 2 pouco de acordo 3 bastante de acordo 4 completamente de acordo. Os items que non acaden o 3 serán os susceptibles de modificación.

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas e desenvolvemento que responda á secuenciación.
3. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
4. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
6. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc, para a recuperación e para a avaliación final e extraordinaria.
8. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
9. Contribución desde a materia aos plans de centro.

10. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

## **9. Outros apartados**